

**OBRA : "SINALIZACIÓN E MELLORA DE SENDEIRO TRALOS PASOS DO RÍO VERDUGO NA SERRA DO CANDO".** (Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014 – 2020)

Por Resolución de Alcaldía nº 2018-419 de data 8 de agosto de 2018, adxudicouse á empresa COCIGAL 2.013, S.L., con CIF: B-36.503.035, o contrato menor de obras de “**SINALIZACIÓN E MELLORA DE SENDEIRO TRALOS PASOS DO RÍO VERDUGO NA SERRA DO CANDO**”, polo prezo de 19.615,58 € e 4.119,27 € de IVE, realizada ó abeiro da Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014 – 2020.



A obra referida pretende a mellora da senda que está intransitable nalgúns puntos, pola erosión e os estragos da choiva, así como a recuperación dun lavadoiro e o seu respectivo canal de auga.

Completa a actuación a sinalización desta ruta con paneis informativos que amosen a riqueza da fauna e flora da zona así como os sitios de interese.